

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE DO PLENO DO CONCELLO DO BARCO DE VALDEORRAS DE 30 DE DECEMBRO DE 2015

Na Casa Consistorial do Concello do Barco de Valdeorras, sendo as 10:05 horas do 30 de decembro de 2015, baixo a Presidencia do alcalde-presidente Don Alfredo Laudelino García Rodríguez, reúnen-se no salón de sesións a Corporación Municipal do Concello do Barco de Valdeorras, ós efectos de realizar a sesión extraordinaria urxente convocada para o día da data, constituíndose coa asistencia dos seguintes señores/as que integran os seguintes grupos políticos:

Grupo Municipal do PSdeG-PSOE:

Don Alfredo Laudelino García Rodríguez
Dna. Margarida Pizcueta Barreiro
D. Aurentino Alonso Araujo
Dna. María Irene Dacal Feijóo
Dna. Diana Urdangaray Díaz
D. Miguel Neira Ojea
Dna. Cristina Domínguez Rodríguez
D. Jesús Jares Almeida
Dna. Alicia Álvarez Fernández

Grupo Municipal del Partido Popular:

D. Arsenio Moldes Gómez
D. Carlos Javier Crespo Díaz
Dna. Sabina Aguado García
Dna Nieves Rodríguez Voces
D. Enrique Pérez Roca
D. Antonio Melo García

Grupo Municipal Mixto:

D. Félix García Yáñez

Non asiste o concelleiro D. Orlando Luis Arturo Saavedra Cantillana, cuxa ausencia é desculpada.

Interveu como secretario D. Jesús Tallón García.

Declarado aberto o acto polo sr. alcalde-presidente, procédese ó estudo dos asuntos incluídos na orde do día.

1º Ratificación da urxencia da convocatoria

Di o sr. alcalde que xustifícase a urxencia polo feito de que onte pola mañá asinouse a addenda ao Convenio subscrito entre a Vicepresidencia da Xunta, a Consellería de Medio Rural e as catro Deputacións provinciais e que por parte dos concellos hai que adherirse aprobando esta addenda para poder seguir prestando o servizo dos Grupos de Emerxencias Municipais durante os tres próximos anos, e que a aprobación da adhesión á prórroga do citado Convenio ten que facerse con carácter previo ao remate da vixencia do mesmo, que é o día 31 de decembro de 2015.

A proposta da Alcaldía é a seguinte:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA Ó PLENO DA CORPORACIÓN

Asunto: Expediente relativo á addenda ao Convenio de Colaboración en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para a implantación dos Grupos de Emerxencias Municipais.

Xustificación da urxencia: xustifícase a urxencia deste pleno extraordinario na necesidade de aprobar a adhesión á prórroga do convenio con carácter previo ao remate da vixencia do convenio (o día 31 de decembro de 2015).

O Barco 29 de decembro de 2015

O alcalde

Alfredo L. García Rodríguez”.

A continuación o sr Presidente somete a votación a urxencia da sesión, sendo aprobada por unanimidade dos dezaseis membros asistentes.

2º Adhesión ao Texto Refundido do Convenio de Colaboración subscrito entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e as Deputacións Provinciais, en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para a implantación dos Grupos de Emerxencia Municipais.

Di o sr. alcalde que cando se decidiu poñer en funcionamento en Galicia o servizo dos GES, que agora hai 24 GES espallados pola comunidade, todos sabían que era un servizo con vocación de continuidade porque afectaba ás emerxencias e polo tanto á protección das persoas, que cre que esta prórroga se tería que ter realizado antes para ter máis tempo e poder corrixir certas cuestións que poden saír no último momento, pero que chegou agora e que o Concello vaise a corresponsabilizar co que se ven facendo durante os últimos 29 meses, co que se negociou na FEGAMP e co que van a facer o restos dos GES de Galicia e que nesa coherencia, o seu Grupo, vai a aprobar esa addenda ao Convenio de colaboración mencionado.

Concédeselle a palabra ao voceiro do Grupo Municipal del Partido Popular, o sr. Moldes Gómez, que di que no punto da Orde do día pon no título “.....Grupos de Emerxencia Municipais”, e que antes eran Grupos de Emerxencia Supramunicipais.

Fai uso da palabra o alcalde quen di que seguen sendo supramunicipais, que pode ser un erro na orde do día, que os traballos son financiados unha parte con fondos propios de diferentes departamentos da Consellería de Vicepresidencia da Xunta e tamén das Deputacións, que esa parte vai aos salarios e que ó final hai unha parte que vai a prevención.

Di o sr. Moldes Gómez que o seu Grupo vaise a abster na votación logo de ver o informe do secretario municipal.

Concédeselle a palabra ao voceiro do Grupo Mixto, o sr. García Yáñez, quen di que quería preguntar si logo se vai a facer un regulamento.

Contéstalle o sr. alcalde que vaise a facer un regulamento, que cando se incorpore o aparelador, que está de vacacións, farase un reparto da previsión desas obras que teñen que facer para xustificar e cada traballador terase que responsabilizar da súa parte.

Di o sr. García Yáñez que el refírese ao sistema de subvencións da Xunta, si segue a ser o mesmo, pois algunha vez había explicado o sr. Alcalde que ía a variar.

O alcalde di que hai unha parte que vai a variar, que é a que se refire ao financiamento das Deputacións, que non deu tempo a máis porque incluír novos conceptos no documento implicaba nova fiscalización por parte dos técnicos da Xunta e entón decidiuse deixalo aí cos cambios que se fixeron e

o resto quedou para os primeiros meses do ano próximo, que o que si é certo é que o Concello vai poñer menos do que di o Convenio.

Di o sr. García Yáñez que o seu Grupo se vai a abster na votación porque non tiveron tempo de ver a documentación, que eles funcionan asambleariamente e reúnen para tratar os asuntos do Pleno e non tiveron tempo de facelo, que se vai a abster simplemente por un problema funcional.

A proposta da Alcaldía é a seguinte:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA Ó PLENO DA CORPORACIÓN

Asunto: Expediente relativo á addenda ao Convenio de Colaboración en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para a implantación dos Grupos de Emerxencias Municipais.

Logo de ver o expediente tramitado e os informes da Secretaría e da Intervención e previa declaración de urxencia do asunto, propono que o Pleno da Corporación adopte o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar e adherirse á addenda ao Convenio de Colaboración suscrito entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Consellería de Medio Rural e do Mar, as Deputacións Provinciais de Ourense e a Fegamp, para o financiamento e mantemento dos grupos de emerxencias supramunicipais, e, en consecuencia, adherirse formal e expresamente a todas e cada unha das cláusulas do convenio mencionado, asumindo as obrigas e compromisos derivados do mesmo e con suxeición plena a todas elas, na versión do Texto refundido que incorpora a addenda que obra no expediente.

Segundo: Facultar ó alcalde para levar a cabo as actuacións precisas para a efectividade deste acordo.

O Barco, 29 de decembro de 2015

O alcalde

Alfredo L. García Rodríguez”.

Rematado o debate o Pleno en votación ordinaria e por nove votos a favor (dos concelleiros García Rodríguez, Pizcueta Barreiro, Alonso Araujo, Dacal Feijóo, Urdangaray Díaz, Neira Ojea, Domínguez Rodríguez, Jares Almeida e Álvarez Fernández) e sete abstencións (dos concelleiros Moldes Gómez, Crespo Díaz, Aguado García, Rodríguez Voces, Pérez Roca, Melo García e García Yáñez), adopta o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar e adherirse á addenda ao Convenio de Colaboración subscrito entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Consellería de Medio Rural e do Mar, as Deputacións Provincias de Ourense e a Fegamp, para o financiamento e mantemento dos grupos de emerxencias supramunicipais, e, en consecuencia, adherirse formal e expresamente a todas e cada unha das cláusulas do convenio mencionado, asumindo as obrigas e compromisos derivados do mesmo e con suxeición plena a todas elas, na versión do Texto refundido que incorpora a addenda que obra no expediente.

Segundo: Facultar ó alcalde para levar a cabo as actuacións precisas para a efectividade deste acordo.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo sr. alcalde-presidente felicítanse as festas aos asistentes, levantándose a sesión sendo as 10:15 horas do día indicado no encabezamento, estendéndose a presente acta do que eu, como secretario, dou fe.

O secretario

O alcalde

Jesús Tallón García

Alfredo L. García Rodríguez